



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Rúa Madrid, nº 2-4, 2º, Fontiñas
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno: 881 996 358 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal



Expediente 8/2020

Asunto. Notificación resolución.

Joaquín Pérez Pérez


Como secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva notifícolle a providencia adoptada polo Comité en sesión plenaria celebrada o 20 de abril de 2020.

Contra esta resolución pódese interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da mesma, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de maio de 2020

Jorge Barros de la Peña

Secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva





Reunido en sesión plenaria o Comité Galego de Xustiza Deportiva, en data 27 de abril de 2.020, resolveu o expediente núm. 8/2020, en base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O 3 de xaneiro de 2020 don Joaquín Pérez Pérez, en nome propio e en representación da entidade Comesaña Sporting Club, segundo acredita mediante o correspondente documento firmado por don Belarmino Alonso Comesaña presidente do club o mesmo día 3 de xaneiro de 2010, presenta, con entrada no rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD) o 24 de xaneiro de 2020 e núm. 15, un escrito no que solicita a nulidade da “Asemblea Xeral Ordinaria” celebrada pola Federación Galega de Atletismo (FGA) o 28 de decembro de 2019 por dar como válidas as representacións delegadas de varios clubs membros en dita asemblea que se cualifican de fraudulentas coa conseguinte nulidade dos puntos aprobados do orde do día. Ademais, manifesta unha serie de irregularidades acontecidas en relación coa celebración da asemblea: hora de comezo da sesión; chamadas telefónicas da cúpula federativa solicitando a quen non confirmou a asistencia para que lle delegasen o voto, o que o impugnante cualifica de “pucherazo”; que persoas representantes dalgúns clubs non reúnen as condicións para ser representantes. Adicionalmente se denuncia a existencia de usurpación por parte do secretario xeral e o presidente da FGA de funcións dos órganos de goberno da FGA; irregularidades na adopción dos acordos da xunta directiva e comisión delegada cuxa nulidade se solicita, así como irregularidades na composición da xunta directiva.

SEGUNDO.- Por providencia de 29 de xaneiro de 2020, previo acordo do Pleno do CGXD da mesma data, e no que respecta á impugnación da asemblea xeral celebrada o 28 de decembro de 2019 e dos acordos da xunta directiva e comisión delegada, o recurso foi admitido a trámite co núm. 8/2020 e, conforme ao establecido no art. 30 1. a) e b) do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, acordouse a súa tramitación a través do procedemento ordinario regulado nos art. 30 e ss., e se designa instrutor a D. Ángel Luis Rebolledo Varela.

En canto a denuncia contra don Carlos Castro Vicente e don Isidoro Hornillos Baz, secretario xeral e presidente respectivamente da FGA, por usurpación de funcións dos órganos de goberno da federación, atendidos os feitos e circunstancias postas de manifesto, o CGXD, na mesma providencia de 29 de xaneiro de 2020 ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e, en concreto da facultade contida no artigo 55, con carácter previo a pronunciarse sobre a admisión a trámite e inicio do procedemento, acordou abrir un período de información pública ou actuacións previas, co fin de determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento e as circunstancias relevantes que concorran. Tales actuacións previas concluíron coa resolución de 14 de febreiro de 2020 na que se acordou o arquivo da denuncia por resultar acreditada a inexistencia do feito fundamento da mesma.



TERCEIRO.- Por providencia de 29 de xaneiro de 2020 o instrutor acordou dar traslado do escrito de impugnación da asemblea xeral do 28 de decembro de 2020 e reunións da xunta directiva e comisión delegada ao presidente da FGA para que no prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da recepción da providencia remita ao instrutor informe sobre a impugnación presentada. Asemade, requiríase ao secretario xeral de FGA para que remita ao instrutor certificación íntegra da acta da asemblea de 28 de decembro de 2019, así como das reunións da xunta directiva e comisión delegada celebradas no ano 2019. A providencia foi cumprimentada mediante a remisión do informe por escrito de 12 de febreiro de 2020, actas e documentación complementaria. En canto a acta da asemblea, achegase o borrador da mesma, manifestando estar pendente a súa aprobación pola próxima asemblea xeral.

Na mesma providencia do instrutor de 29 de xaneiro de 2020, acordouse dar traslado, a través da FGA, do escrito de impugnación da asemblea xeral de 28 de decembro de 2020 ao Club Atletismo Carballo, C.A. Coruña Comarca, Club Atletismo Narón, Club Atletismo Olympo de As Pontes, Club Atletismo Sar, Compañía de María, Runaways (Running for G.) Club Deportivo Aurum, E.A.P.- Ben Cho Sey e Club Carmelitas de Ourense., así como a don Santiago Novo Mira, don Diego Paz Martínez, don Ramón Tasende Díaz, don Jesús Vázquez Tallón, don Julio Santiago Freijanes, don Juan Guerrero Pascual, don Rafael Alonso Martínez, don Eladio Gómez Rosales e don Angel Fidalgo Vázquez. para que no prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da recepción da providencia remitan ao instrutor as alegacións que estimen convenientes na defensa do seu dereito. Mediante escrito de 11 de febreiro de 2020 presentou alegacións don Bernardo García de Paz en representación do club atletismo Runaways (Running for Gentleman).

CUARTO.- Por providencia do instrutor de 28 de febreiro de 2020 se considerou que no expediente constan debidamente acreditados os feitos sobre os que debe dítarse a resolución que xuridicamente proceda, polo que non se considera necesaria a apertura de período probatorio. En consecuencia, ponse de manifesto o expediente aos interesados a fin de que no prazo de 15 días hábiles poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes. Don Joaquín Pérez Pérez presenta escrito de data 12 de marzo de 2020, e don Isidoro Hornillos Baz, presidente da FGA, escrito de 23 de marzo de 2020.

Foi relator don Angel Luis Rebolledo Varela

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Competencia do Comité Galego de Xustiza Deportiva

Suscitada pola FGA a existencia dunha posible falta de competencia obxectiva por parte do CGXD para o coñecemento da impugnación formulada por don Joaquín Pérez Pérez en nome propio e na representación do Comesaña Sporting Club debe comezarse por resolverse tal cuestión que, de ser apreciada, implicaría o arquivo das actuacións.



Argumenta a FGA que o sr. Pérez Pérez impugna ante o CGXD a asemblea ordinaria de 28 de decembro de 2019 e todos os acordos adoptados nela, sen distinguir a natureza destes e si se refiren a funcións públicas delegadas ou non. E iso en razón a que as competencias do CGXD están fixadas no art. 3 do Decreto 120/2013, en que fóra dos procesos electorais, o CGXD non ten competencias para controlar os acordos adoptados polos órganos federativos salvo que versen sobre algunha das materias expresamente previstas no art. 3.1 do Decreto 120/2013, isto é, disciplina deportiva, cuestións relacionadas con organización das competicións ou exercicio de funcións públicas delegadas. Na medida en que o impugnante non razoa a competencia do CGXD para coñecer dunha impugnación xeral da constitución da propia asemblea e de todos os acordos nela adoptados, sen distinguir a competencia para coñecer da impugnación de cada acordo concreto por razón da materia, entende a FGA que o propio CGXD debe examinar de oficio a súa competencia obxectiva para coñecer dunha impugnación xenérica, como a que se formulou, dunha asemblea xeral dunha federación, non relacionada con ningún proceso electoral, e de todos os acordos nela adoptados por cuestións de forma, con abstracción total da materia sobre a que versa cada acordo, pois, a xuízo da FGA, o réxime xurídico de impugnación de acordos das federacións galegas non se diferencia do réxime aplicable a calquera outra persoa xurídica privada que non sexa axente colaborador da Administración.

Debe sinalarse que o criterio xurídico expresado pola FGA é o que este CGXD mantén reiteradamente nas súas resolucións en canto a interpretación das súas competencias en relación coa impugnación dos acordos adoptados polos órganos de goberno dunha federación deportiva galega. Como entidades de dereito privado e personalidade xurídica propia – así expresamente o recolle o art. 51 da Lei 3/2012 de 2 de abril, do deporte de Galicia –, con carácter xeral, os acordos adoptados polos seus órganos de goberno serán impugnables ante a xurisdición civil no prazo de 40 días desde o seu adopción, tal e como se establece no art. 40 da LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo que as competencias do CGXD quedan delimitadas ás recollidas no art. 93.1 da Lei 3/2012, isto, é, actos referentes a disciplina deportiva, os de carácter organizativo-competicional, procesos electorais nas federacións deportivas, e control administrativo respecto das funcións públicas encomendadas ás federacións.

Así pois, este CGXD será competente para coñecer a impugnación da asemblea de 28 de decembro de 2019 da FGA presentada por don Joaquín Pérez Pérez en canto na mesma adoptáronse acordos comprendidos nalgunha das materias recollidas no art. 93.1 da Lei 3/2012 e, a decisión que se poida adoptar sobre o fondo da cuestión só afectaría a tales acordos. Tendo en conta que na asemblea de 28 de decembro de 2019, entre outros, adoptáronse acordos sobre calendario, norma técnicas e licenzas, non ten dúbida a competencia do CGXD con delimitación, no seu caso, dos acordos afectados. Tamén a ten para o coñecemento das impugnacións sobre a composición da xunta directiva, e das reunións conxuntas da comisión delegada e xunta directiva, pois se fundamentan nun incumprimento dos estatutos, o que conforme ao art. 93.4 e) da Lei 3/2012, tamén constitúe competencia delegada, pois o é que a federación debe garantir o cumprimento dos seus estatutos, que non poden ser incumpridos polos seus propios órganos de goberno.



SEGUNDO.- Lexitimación

Con carácter xeral Don Joaquín Pérez Pérez e o Comesaña Sporting Club ostentan lexitimación para a impugnación da asemblea xeral de 28 de decembro de 2019 e os acordos nela adoptados. A posible falta de lexitimación invocada pola FGA como consecuencia da aplicación da doutrina dos propios actos é analizada no fundamento sexto, dentro da resolución das cuestións de fondo. Tamén se analiza como cuestión de fondo a lexitimación para a impugnación dos acordos da comisión delegada e xunta directiva polos motivos invocados.

TERCEIRO.- Temporalidade do recurso

O recurso foi interposto en prazo. Debe rexeitarse a alegación realizada pola FGA de extemporaneidade da impugnación no que se refire aos acordos adoptados conxuntamente pola xunta directiva e comisión delegada, extemporaneidade que se fundamenta no prazo xeral sinalado polo art. 40 da O 1/2002 de 40 días naturais desde a adopción do acordo. Tal prazo, e conforme á propia distinción que realiza a FGA sobre o tipo de acordos federativos e vías de impugnación, é de aplicación exclusiva á impugnación xudicial ante a xurisdición civil dos acordos das federacións como entidade de dereito privado. Como se recolle posteriormente nesta resolución, non consta que o contido e forma de adopción dos acordos obxecto de impugnación fosen coñecidos polo recorrente mas aló da comunicación xenérica dun listado.

CUARTO.- Obxecto e pretensións do recurso

Acordado na resolución de 14 de febreiro de 2020 o arquivo da denuncia presentada por don Joaquín Pérez Pérez contra o presidente da FGA don Isidoro Hornillos Baz e o seu secretario xeral don Carlos Castro Vicente, no escrito de impugnación de 3 de xaneiro de 2020 se concreta a petición única e exclusivamente en que se declare a nulidade da asemblea ordinaria FGA 2019 así como os acordos nela tomados, asemblea que segundo se especifica no escrito é a celebrada en Santiago de Compostela o 28 de decembro de 2019.

Porén, e aínda que non se reiterou na solicitude final, é o certo que no corpo do escrito, tras unha lectura ordenada do mesmo, tamén se está impugnando especificamente o art. 3 do Regulamento de Licenzas aprobado na asemblea, así como a composición numérica actual da xunta directiva, e tamén se sostén que a comisión delegada e a xunta directiva realizan reunións conxuntas, o que se considera contrario a dereito polo que, de confirmarse tal feito, se solicita no corpo do escrito deste CGXD que se proceda a decretar a anulación de todos os acordos adoptados. Acreditado pola documentación remitida pola FGA que, efectivamente, se produciron reunións conxuntas da comisión delegada e xunta directiva, a resolución debe pronunciarse igualmente sobre esta solicitude de nulidade, así como a do referido art. 3 do Regulamento de Licenzas e composición da xunta directiva.



QUINTO.- Formulación do recurso e alegacións das partes

I.- Recurso de don Joaquín Pérez Pérez.

A confusa redacción do escrito de impugnación esixe por parte deste CGXD unha lectura do mesmo presidida pola necesidade de sistematizar os feitos relevantes, así como os argumentos técnicos de contido xurídico nos que o recorrente sostén a súa pretensión de que se declare a nulidade de todos os acordos adoptados pola asemblea xeral da FGA celebrada o 28 de decembro de 2019, así como os acordos adoptados de xeito conxunto pola comisión delegada e xunta directiva.

Prescínlese, xa que logo, de todas aquelas expresións e manifestacións contidas no escrito que referidas como suxeito principal ao presidente, secretario, letrado e outros membros da FGA, non aportan ningún contido xurídico e unicamente constitúen meras descualificacións persoais (pucherazo, descarado, esperpéntico, etc.) baseadas nun posicionamento puramente subxectivo do recorrente e que enturbian de xeito totalmente innecesaria a cuestión xurídica que se pretende suscitar.

Así, os feitos e argumentos en que se basea a impugnación, tras pasalos polo imprescindible filtro fáctico e xurídico, son os seguintes:

1. A asemblea non comezou ás 16:30 horas unha vez comprobado que había o *quorum* requirido tal e como estaba previsto en primeira convocatoria, sen necesidade de esperar á segunda convocatoria como se fixo.

2. Aos efectos de representación dun club na asemblea xeral se considera de aplicación o art. 18 do Regulamento Electoral, que en canto á composición da asemblea xeral dispón que a representación das entidades deportivas corresponde á presidencia ou á persoa que conforme aos estatutos de cada entidade lle corresponda, representación que deberá acreditarse fidedignamente mediante certificación do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figuren expresamente as persoas que teñan a condición de representantes legais dela entidade.

Tales condicións non se cumpriron coas seguintes entidades: Club Atletismo Carballo, C. A. Coruña Comarca, Club Atletismo Narón, Club Atletismo Olympo das Pontes, Club Atletismo Sar, Compañía de María, Runaways (Running for G.), Club Deportivo Aurum, E.A.P.-Ben Cho Shey (e con serias dúbidas sobre a documentación presentada por Anxo Fidalgo Vázquez para poder ostentar a representación do Club Carmelitas de Ourense). Quen ostentaron as representacións delegadas deses clubs, serían por esta orde, os señores: Santiago Novo Mira, Diego Paz Martínez, Ramón Tasende Díaz, Jesús Vázquez Tallón, Xullo Santiago Freijanes, Juan Guerreiro Pascual, Rafael Alonso Martínez, Eladio Gómez Rosales.

Adicionalmente, e respecto de don Diego Paz Martínez, presidente do Club Atletismo Oleiros dise que tal condición é incompatible con ostentar a representación do Club Atletismo Coruña Comarca.



3. Ademais de admitirse indebidamente a representación dos clubs incumprindo o art. 18 do Regulamento Electoral, alégase que tales representacións son de xeito evidente fraudulentas, consistindo a fraude, en que membros da cúpula directiva dirixíronse aos clubs que non confirmaran a súa asistencia á asemblea para que lles cedesen a súa representación, documentos que se asinaron en branco cubríndose posteriormente co nome de persoas (representantes) vinculadas aos órganos directivos como membros da xunta directiva, delegados, avogados, asalariados, asesores económicos, perceptores de dietas, etc.

4. Se impugna especificamente o art. 3 do Regulamento de Licenzas aprobado na asemblea. Segundo devandita norma: *Co tempo suficiente para o seu coñecemento e para a realización das licenzas, a FGA elaborará e difundirá antes do inicio de cada tempada unha circular na que se concretarán aqueles aspectos do presente Regulamento aplicables á mesma para a seguinte tempada deportiva, evitándose deste modo que as devanditas actuacións, ata a data incorporadas ao Regulamento de licenzas, deban ser obxecto de aprobación por parte dos Órganos de Goberno da FGA.*

Para o recorrente tal norma é contraria ao art. 18 dos estatutos da FGA, segundo o cal correspóndelle á asemblea ordinaria: *a. Aprobación do calendario deportivo, bases e regulamentos das competicións e memoria das actividades anuais. b. Aprobación da liquidación do Orzamento do exercicio anterior. c. Aprobación do proxecto de Orzamento do exercicio seguinte.* Segundo o recorrente, a aprobación de tal norma o que realmente significa é unha clara usurpación de funcións por parte do presidente, secretario xeral e xunta directiva e, ademais, a súa aprobación polos membros da asemblea xeral supón facer un claro abandono das funcións establecidas nos estatutos da FGA e a Lei.

5. Se impugnan os acordos adoptados en sesión conxunta da xunta directiva e comisión delegada por considerar que é moi probable que en absoluto se axusten ao proceso esixido para que os acordos nelas adoptados poidan considerarse válidos. Se argumenta que cada órgano ten os seus propios compoñentes e competencias, e os acordos de cada un deles deben ser adoptados segundo o resultado da votación entre os seus propios membros, e nunca polo resultado dunha votación conxunta con membros doutro órgano federativo. Por iso, ao ser adoptados os acordos en votación única emitida por todos os membros de devanditos órganos federativos presentes na reunión, iso conlevaría a nulidade cuxa declaración solicita.

Debe sinalarse en relación con esta impugnación que no recurso déixase constancia de que non se han ter acceso ás actas das reunións conxuntas da xunta directiva e comisión delegada porque, segundo alégase no recurso, non foron obxecto de publicación nin lle foron entregadas malia habelas solicitado ao secretario xeral da FGA, polo que se presume que os acordos poidan ser adoptados na forma que indica.

6. Polo que respecta á impugnación do número de membros da xunta directiva, o recurso é de difícil comprensión, pero cabe entender que se fundamenta en que, afirmase, conforme aos estatutos o número mínimo de membros é 5 e o máximo 15, incluídos presidente, secretario e tesoureiro, mentres que na relación de persoas compoñentes da xunta directiva que sería enviada o 26 de decembro de 2019 figuran 16 membros, número aínda superior ao estipulado, tendo en conta, ademais, que nesa



lista se omiten dúas que son obrigados compoñentes da mesma, o secretario xeral e o tesoureiro.

II.- Informe e posición da FGA

Ademais da cuestión suscitada sobre a competencia do CGXD, a FGA oponse á impugnación presentada cos seguintes argumentos:

1. Inaplicación do regulamento electoral á asemblea obxecto de impugnación pois tal regulamento é unicamente aplicable ás eleccións concluídas dous anos antes da celebración da asemblea, cuxa constitución se rixe non por tal regulamento senón polos estatutos da federación. Tales estatutos, na redacción de 2013, no seu art. 21.1, establecen que a asistencia á comisión delegada non é delegable, prohibición que só se recolle respecto de dita comisión delegada pero non respecto da asemblea, polo que ao non estar expresamente prohibida tal posibilidade debe considerarse admitida.

Igualmente, o art. 23.2 dos estatutos aprobados na asemblea de 29 de decembro de 2018 prevé expresamente que *salvo naque/as materias nas que estea expresamente excluída tal posibilidade, a representación das entidades deportivas que integren a Asemblea Xeral ou Comisión Delegada corresponderalle ola seu/ súa presidente / a ou a ca/quera outra persoa en quen estela delegue mediante escrito asinado polo/a propio presidente/a do club, no que se indique expresamente que a dita representación se delega para participar nunha determinada Asemblea Xeral ou Comisión Delegada, con indicación da data e lugar da mesma.*

Sobre a aplicación dos devanditos estatutos de 2018 aos requisitos da asemblea impugnada se argumenta a súa procedencia, pois aínda que non se encontren publicados [no DOGA] iso só implica que non teñen efectos fronte a terceiros, pero os membros da asemblea están vinculados polo acordo assembleario que os aprobou xa que, conforme ao art. 26 dos Estatutos (con idéntica redacción tanto na versión de 2013 como na de 2018), os acordos da asemblea serán vinculantes e terán forza executiva desde a data da súa adopción. A mais abastanza, adúcese, os estatutos haberían de considerarse aprobados por silencio administrativo pola Xunta de Galicia, pois foron presentados o 11 de xaneiro de 2019 e transcorreu con exceso o prazo máximo de tres meses para a súa aprobación que establece o art. 54.7 da Lei 3/2012 e non estar expresamente regulado o carácter desestimatorio do silencio administrativo nunha norma con rango de lei, aplicándose en consecuencia a regra xeral do silencio positivo do art. 24.1 da Lei 39/2015.

2. Falta de lexitimación de don Joaquín Pérez Pérez para a impugnación dos acordos da asemblea por aplicación da doutrina dos propios actos. Si tal e como alega o recorrente os clubs só poden estar representados na asemblea polo seu presidente ou representante legal inscrito no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, á asemblea do 28 de decembro de 2019, do mesmo xeito que noutras anteriores, don Joaquín Pérez Pérez asistiu en representación do Club Comesaña Sporting sen ser o seu presidente nin representante legal inscrito, representación que se admitiu, do mesmo xeito que a doutros 15, en base a unha autorización do presidente do club. É contradictorio que asista



a unha asemblea sen cumprir o requisito que invoca e pretenda a súa impugnación porque outros non o cumpriron.

3. Négase que exista incompatibilidade de don Diego Paz Martínez, presidente do Club Atletismo Oleiros, para representar na asemblea ao Club Atletismo Coruña, xa que aquel non é membro da asemblea por ningún estamento de persoas físicas nin tampouco preside un club electo membro da asemblea.

4. Négase que exista algún tipo de antixuridicidade nas autorizacións conferidas polos presidentes dos clubs ás persoas por eles autorizados para representar aos seus clubs na asemblea, dado que o feito de que os representates sexan membros da xunta directiva da FGA ou teñan algún tipo de relación cos seus membros ou coa FGA en abstracto é irrelevante, tendo en conta que a condición de membro da xunta directiva ou a maior ou menor afinidade con estes non é causa que impida ser representante autorizado dun club na asemblea.

5. Négase que se agachara a publicación das actas dos órganos de goberno da federación, ao ser obxecto de publicidade todos os acordos na páxina web da mesma, e en canto ás reunións conxuntas da xunta directiva coa comisión delegada se argumenta a súa celebración por medios telemáticos, concretamente a través da ferramenta Councilbox de Microsoft que dota de validez legal e seguridade xurídica á participación a distancia en calquera reunión de toma de acordos por videostreaming ou outros medios. Adúcese que non existe impedimento legal algún na celebración conxunta das reunións de ambos órganos federativos a condición de que os membros de cada órgano voten os asuntos de competencia do mesmo, e que elo sempre se respectou.

6. En canto ao número de membros que compoñen a xunta directiva dise que son 18, polo que non se supera o número máximo de 20 membros que figura no art. 35 dos estatutos aprobados en decembro de 2018.

7. Polo que se refire á impugnación do art. 3 do Regulamento de Licenzas, no informe de 11 de febreiro de 2020 obrante nas dilixencias previas, considérase que tal norma simplemente regula a elaboración dunha circular meramente informativa sobre determinados aspectos da tramitación de licenzas con certa antelación ao comezo da tempada, sen que iso supoña vulneración algunha das competencias da asemblea xeral para a aprobación do calendario, bases e regulamentos das competicións, a liquidación e o proxecto do orzamento. O propio art. 17 do Regulamento de Licencias establece que o importe das mesmas será aprobado pola asemblea xeral e obxecto de publicidade na propia circular.

III.- Alegacións do Club de Atletismo Runaways (Running for Gentleman)

Único club que realizou alegacións, no escrito presentado polo seu presidente don Bernardo García de Paz se limita a dicir que ante a imposibilidade de asistencia por ningún representante do club, don Benito Martín Becares púxose en contacto con el para



que lle conferise a representación do club na asemblea, o que fixo, sen que posteriormente recibise información algunha, e sen que se lle poida achacar responsabilidade algunha, si houbese, nas actuacións posteriores levadas a cabo polas persoas as que se delegou o voto.

IV.- Alegacións finais de don Joaquín Pérez Pérez

Por parte de don Joaquín Pérez Pérez, prescindindo da continuidade nas descualificacións dirixidas ao presidente e letrado da FGA, irrelevantes para a resolución das cuestións xurídicas suscitadas, ademais de reiterarse argumentos xa sustentados no recurso e de considerar que no expediente existen suficientes probas para a apertura dun expediente por comisión de infraccións moi graves, se incide nos argumentos seguintes:

1. Considera que os documentos en que constan as representacións non reúnen os requisitos mínimos para ser considerados válidos por estar burdamente manipulados, sen expresa aceptación, sen firmas, sen datas, varios asinados pola mesma persoa.

2. Que non se esixiu identificación de D.N.I.

3. Que segundo as actas, constátase que foi o secretario xeral quen realizou na comisión delegada as propostas sobre modificación de calendario e outros extremos que segundo os estatutos debían realizalas non el senón o presidente ou 2/3 dos membros da comisión delegada.

4. Que os estatutos de 2018 non son de aplicación ao non entrar en vigor por non estar publicados no DOGA, tal e como esixe o propio art. 87 dos mesmos.

5. Que as actas dos órganos de goberno non foron publicadas, pois o único que se aportou por parte da FGA é un listado de acordos.

6. Que o sistema de celebrar as reunións pos Councilbox non é legal por no estar previsto nos estatutos, defendendo implicitamente a necesidade das reunións físicas, así como falsidade no contido das actas e nulidade por non convocarse as reunións coa antelación de 7 días naturais previstas no art. 22 dos estatutos.

7. Que don Diego Paz Martínez, presidente do Club Atletismo Oleiros si era incompatible para representar na asemblea ao Club Atletismo Coruña por incumprimento do art. 38 dos estatutos en vigor (2013), que establece a incompatibilidade entre ser directivo dun club e membro da xunta directiva ou delegado federativo, o que era o sr. Paz Martínez.

8. Insístese na actuación fraudulenta por parte dos directivos da FGA ao solicitar confirmación aos clubs da súa asistencia á asemblea para confeccionar os documentos de representación de clubs non asistentes e así gañar as votacións.



